

Informe sobre o parque eólico Alvite II

Código C0302937

Nº Expte: IN408A 2018/016

I. ANTECEDENTES, PIA E EsIA

O presente informe responde á solicitude con data do 02/08/22 do Servizo de Enerxía e Minas sobre o *Proxecto de Interese Autonómico* e do *Estudo de Impacto Ambiental* do parque eólico Alvite II. Dita infraestrutura está promovida por *Green Capital Power S.L.* en terreos pertencentes aos concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba. A poligonal do parque abarca unhas 1061 hectáreas.

As coordenadas dos seus vértices, a dos aeroxeradores e torre meteorolóxica son as seguintes:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
P1	510 875	4 758 785
P2	510 875	4 755 748
P3	511 300	4 755 748
P4	511 300	4 754 989
P5	508 844	4 754 989
P6	507 235	4 758 312

Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29

Aerox	UTM-X	UTM-Y	Concello
AL01	507 665	4 758 080	Mazaricos
AL02	508 932	4 757 891	Santa Comba
AL03	509 375	4 757 508	Santa Comba
AL04	510 173	4 755 668	Negreira
AL05	510 606	4 755 470	Negreira
AL06	511 006	4 755 298	Negreira
TM	507 895	4 757 684	Mazaricos

O parque proxectado contará con seis aeroxeradores do tipo NORDEX N155 cunha potencia unitaria de 4,5 MW e 155 metros de diámetro do voo. A potencia total instalada é de 27 MW. O parque tamén contara cunha torre meteorolóxica de 120 metros de altura.

Os aeroxeradores estarán conectados co centro de seccionamento do parque, denominado CS Alvite II 30 kV, por medio de dúas liñas subterráneas de 30 kV. O centro de seccionamento está situada no concello de Mazaricos e anexo ao mesmo se sitúa a sala de control. Desde este se evacuará a enerxía producida mediante a LAT 132 kV SET PE Alvite II-SET PE Banzas, obxecto esta dunha tramitación independente (IN408A 2017/15).





O proxecto sectorial prevé a clasificación da área delimitada polo mesmo como solo rústico de protección de infraestruturas. Consonte o establecido no artigo 34.4 de la Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o novo réximen de solo rústico de especial protección de infraestruturas superpoñerase complementariamente aos das categorías de solo rústico existentes. Segundo as condicións de uso e licenzas recollidas no PIA, esta categoría limita as plantacións forestais a unha distancia mínima de 50 metros do aeroxerador máis próximo.

II. ESTADO FORESTAL

O Servizo de Montes solicitou aos Distritos Forestais IV e V información sobre as posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución deste proxecto. Do estudo da documentación aportada e dos datos que obran neste servizo se resume o seguinte:

O parque se situará sobre predios de uso agropecuario, prados e cultivos de forraxe principalmente, afectando so parcialmente a plantacións de *Eucalyptus* spp. e *Pinus* spp., matogueira e arboredo de frondosas autóctonas, este último ou ben formacións en liña nas lindes dos predios agrarios, ou ben vexetación ripícola. Todos os terreos son propiedades particulares, sen que resulten afectados montes veciñais en man común nin montes públicos demaniais ou patrimoniais. A infraestrutura tampouco afectará a masas de frondosas autóctonas consolidadas, nin a infraestruturas forestais, agás as pistas existentes na área delimitada polo proxecto.

Os concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

III. INFORME

A área delimitada polo proxecto do parque eólico Alvite II abarca maioritariamente terreos de uso agrario, polo que o seu impacto no ámbito forestal é moi limitado, non



afectando a montes de dominio público nin patrimoniais, ou a montes veciñais en man común.

En todo caso, durante a realización dos traballos débese evitar a corta innecesaria do arboredo, respectando dentro do posible os pés de frondosas autóctonas e da vexetación de ribeira; polo que se procederá a identificar e sinalizar previamente estas masas co fin de diminuír o risco de danos accidentais pola maquinaria. De ser necesario, se establecerán medidas para o saneamento dos danos causados sobre o arboredo nos accesos e zonas adxacentes aos traballos, e a restauración da vexetación das zonas ocupadas temporalmente. A xestión da biomasa se realizará por medios mecánicos, rexeitando a súa queima ou o emprego de fitocidas.

Na xestión de cortas de madeira deberase cumprir o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

Para a determinación das afeccións sobre os predios na zona de actuacións débese ter en conta, ademais do pleno dominio e das servidumes, as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación recollidas no anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia; nas vías 2 metros para as especies de frondosas e 6 metros para o resto.

Tamén haberá que ter en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; é dicir, a xestión da biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador; no estrato arbustivo e subarbustivo dos camiños interiores nos 5 metros dende a súa aresta exterior; 5 metros dende o último elemento en tensión e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas, e 50 metros nas subestacións eléctricas nas que existan edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil.

